

PERMISOS CENTROS ESCOLARES ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE

Actualizados 15 abril 2024



PERMISOS RETRIBUÍDOS

PERMISOS	Artigo	OBSERVACIONES
Matrimonio ou inscrición no rexistro correspondente como parella de feito.	CV.52.a	15 días naturais. Computan desde o 1º día laboral.
Accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario. Por cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, incluído familiar consanguíneo/a da parella de feito, así como de calquera outra persoa distinta das anteriores, que conviva coa persoa traballadora no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela. Pode iniciarse mentras dure o feito causante.	CV.52.c ET.37.b	5 días laborais. Se o feito causante que orixina o dereito ao permiso se produce cando o/a traballador/a tivese completado o 70 % da xornada, e solicita o permiso o mesmo día, este contará desde o día seguinte. Pódese coller fraccionado mentras dure o feito causante.
Falecemento de fillo/a, de cónxuxe, parella de feito; Falecemento de pai, nai, irmán ou irmá; de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.	CV.52.f	7 días laborais. 3 días laborais. 2 días laborais.
Traslado de domicilio habitual.	CV.52.d	1 día laboral.
Voda de fillo/a ou irmán/á	CV.52.e	1 día laboral
Cumprimento dun deber de carácter público e persoal.	ET.33.d	Polo tempo indispensable.
Realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, e, nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade.	ET37.3f	Polo tempo indispensable e só no caso de que teñan que realizarse dentro do horario de traballo.
Bolsa dun máximo de 20 horas anuais por cada persoa traballadora para: Asistencia a consultas médicas de especialistas tanto da propia persoa traballadora como de fillas e fillos menores de 14 anos, fillas e fillos con discapacidade, país, nais e familiares a cargo en situación de dependencia. Estas horas tamén poderán ser gozadas para asistencia a reunións de seguimento académico para fillas e fillos menores de 16 anos. Así mesmo poderán utilizarse para asistir a consultas de atención primaria para aquelas persoas traballadoras que non dispoñan de profesional sanitario fóra do seu horario laboral.	CV.52.h	Este permiso deberá ser comunicado e xustificado á empresa co fin de garantir o correcto funcionamento do centro. ATENCIÓN: Unha vez esgotadas as 20 horas terán a consideración de permisos non retribuídos as ausencias para visitas médicas que non deriven en baixa laboral.CV. 53.
Por causa de forza maior cando sexa necesario por motivos familiares urxentes relacionados con familiares ou persoas conviventes, en caso de enfermidade ou accidente que fagan indispensable a súa presenza inmediata.	ET.37.9	As horas equivalentes a catro días ao ano. É necesario acreditar o motivo da ausencia posteriormente.
Exames oficiais. Polo tempo indispensable	ET.23 CV.62.5	Débase xustificar tanto a formalización da matrícula como asistir aos devanditos exames.
O persoal terá dereito a un permiso retribuído de 30 horas anuais de formación acumulables por un período de ata cinco anos. O persoal que asista a cursos de perfeccionamento, previo permiso da empresa, terá dereito a percibir a súa retribución durante a súa duración, computándose o tempo de ausencia como tempo de traballo efectivo.	CV.115 ET.23	Queda a criterio da empresa a concesión de permisos para formación cando o solicite máis dun traballador ou traballadora e coincidan total ou parcialmente as datas do curso ou cursos solicitados.
Coidado do bebé lactante nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento. Lactación acumulada persoal en pago delegado	CV.59 ET.37.4 Acor. Aut	Unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións, ata que a/o lactante cumpra nove meses. Acumulación en 20 días naturais. A duración do permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples. 28 días naturais.

PERMISOS NON RETRIBUÍDOS

PERMISOS	Artigo	OBSERVACIONES
Todo o persoal poderá solicitar un único permiso sen soldo ao ano, sexa cal for a súa duración, e que como máximo será de noventa días, sempre que sexa compatible coa organización do traballo nos centros, supeditando a súa concesión ás necesidades produtivas da empresa.	CV.53	Con carácter excepcional, por motivos de conciliación de vida laboral e familiar, enfermidade ou finalización de estudos oficiais, poderase dividir este permiso ou solicitar ata dous máis, sempre que non se exceda a duración máxima de noventa días. PREAVISO: 15 días.
Coidado de fillo, filla ou menor acollido/a por tempo superior a un ano, ata o momento en que o/a menor cumpra oito anos.	ET.48 BIS	8 semanas, continuas ou descontinuas, a tempo completo ou a tempo parcial. A partir do 2 de agosto de 2024, e por mandato europeo, este permiso debería ser retribuído.
Autorizaranse licenzas non retribuídas de ata dous meses dentro do ano natural.	CV.58	Nos casos de adopción no estranxeiro, sometemento a técnicas de reprodución asistida, hospitalización prolongada, acompañamento na asistencia médica con enfermidades crónicas ou discapacidades graves do cónxuxe ou parentes de primeiro grao.

Telf. 604030807

E-mail: [snepegalicia@gmail.com](mailto:snepdeg Galicia@gmail.com)

<https://snepegalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.1>